

REGULAMENTO DAS NORMAS XERAIS DO SERVIZO DOCOMEDOR NO C.E.I.P. O POMBAL CURSO 2022/2023.

CAPITULO I: CONDICIÓN XERAIS.

ART.1º-ÁMBITODEAPLICACIÓN.

As normas do servizo de comedor afectarán ós nenos/as matriculados no C.E.I.P."O Pombal", e que sexan solicitantes ou usuarios do comedor, sendo previamente socios do ANPA e estando o corrente de pago do seguro escolar para dito curso académico.

ART.2º-VIXENCIA.

As normas aquí reguladas terán a súa vixencia dende o mes de setembro do 2022 ata xuño do 2023.

Durante a súa vixencia o Consello Escolar poderá modificar as normas aquí establecidas.

ART.3º-USUARIOS.

Os usuarios do comedor poderán establecerse en tres tipos:

-**Nenos/as bolseiros:** son aqueles que, previa petición a Consellería de Benestar Social do Concello de Vigo, se lles concede unha beca para o comedor.

-**Nenos/as fixos non bolseiros:**son aqueles nenos/as dos que se coñece os días exactos que mensualmente come no comedor (5, 4, 3, 2 días á semana).

-**Nenos/as fixos de programación mensual:** son aqueles nenos que non comen sempre o mesmo número de días ó mes no comedor. Deben comunicar ó responsable de comedor os días que precisan na última semana de cada mes.

ART.4º-RESPONSABLE(S) DA XESTIÓN DO COMEDOR.

A A.N.P.A. designará varias persoas responsables de coordinar, xestionar e controlar o bo funcionamento do servizo de comedor. Ditas persoas servirán de enlace entre pais/nais, coidadoras, colexio, A.N.P.A., F.O.A.N.P.A.S. e empresa provedora do servizo. Calquera circunstancia que as familias desexen manifestarles deberá presentarse por escrito.

En ningún caso o colexio poderá levar a cabo a oferta de servizo de comedor, se non existe a figura do responsable de dito servizo.

CAPITULO II: CRITERIOS PARA ACCEDER O SERVIZO DE COMEDOR.

Todo neno/nena que desexe acceder o servizo de comedor deberá estar libre de calquera débeda con dito servizo e coa A.N.P.A."O POMBAL".

Todo neno/nena que desexe facer uso do servizo de comedor deberá xustificar que é socio do ANPA e que ten subscrito o seguro escolar mediante a presentación do recibo dos pagos.

ART.5º-SOLICITUDES.

A directiva da A.N.P.A. establecerá un prazo para a entrega de solicitudes do servizo de comedor; dende o 2 ó 29 de Maio do 2022. Dito prazo comunicarse con antelación ós pais e nais. Tódolos nenos/as (bolseiros ou non) deberán presentar o impreso de solicitude debidamente cuberto dentro do prazo establecido, así como o xustificante de ter subscrito o seguro escolar.

ART.6º-SOLICITUDES DE BECAS.

O Centro Escolar notificará cando se abre o prazo de solicitudes de becas.

ART.7º-SINATURA DE BECAS.

As becas de comedor só poderán ser firmadas polo solicitante das mesmas.

O prazo para ser asinadas será de cinco días a partir da notificación de chegada das mesmas.

A sinatura de ditas becas farase na anpa do CEIP O POMBAL, no caso de non asinala, as listas serán devoltas ó Concello sen a súa sinatura, e poderá serlle retirada a axuda.

ART.8ºCRITERIOS DE SELECCIÓN.

Os criterios de selección aprobados polo Consello Escolar do 14 de abril do 2015, Terán a seguinte orde de preferencia:

1.-BECADOS POLO CONCELLO DE VIGO.

2.-DEMOSTRAR INCOMPATIBILIDAD HORARIA LABORAL DOS PAIS/TITORES

3.-DEMOSTRAR A SITUACIÓN DE MONOPARENTARIEDADE.

4.-NO CASO DUNHA SITUACIÓN DE EMPATEteranse que contar en 1º lugar a situación de alumnos con necesidades educativas especiais, quedando como último recurso un sorteo público no Consello Escolar.

CAPITULOIII: SISTEMA DE PAGO DO SERVIZO DE COMEDOR.

ART.9º-SISTEMA DE PAGO

O pago farase mediante domiciliación bancaria.

O abono cargarase en dita conta **entre os días 1 e 5 de cada mes.**

Pagaranse tódolos días lectivos sen excepción, agás que haxa unha baixa médica de 15 días ou máis debidamente xustificada e acreditada. Neste caso reservarse a praza e será abonada a diferenza por parte da A.N.P.A.

Os usuarios/as do comedor Terán que abonar:

-Tarifa mensual correspondente ós días fixos que coma á semana (ver táboa).

TABOA DE TARIFAS CURSO 2022/23

5 DÍAS FIXO	80,50 €
4 DÍAS FIXO	67 €
3 DÍAS FIXO	53 €
2 DÍAS FIXO	36 €

ESTES PRECIOS TEÑEN CARÁCTER MENSUAL.

CAPITULO IV: SAUDE E HIXIENE PERSOAL.

ART.10º-SAÚDE

Os nenos/as que padezan calquera problema de saúde deberán presentar un informe médico, así como unha autorización do pai/nai e do médico conforme pode asistir ó servizo de comedor. Ademais, esixiráselle un protocolo de actuación e primeiros auxilios.

Os nenos/as que requiran unha dieta especial por problemas de saúde deberán comunicalo previamente.

Nos casos esporádicos de problemas de saúde deberán comunicalo a A.N.P.A. antes das 9:15h. para poder facer efectivo o cambio de dieta.

En ningún caso se administrarán medicamentos os alumnos (agás os esixidos polos protocolos de alerta escolar).

ART.11º-HIXIENE PERSOAL.

Co fin de ter unha axeitada educación para a Saúde Buco-Dental, os usuarios poderán facer uso de un cepillo de dentes identificado, que deberán traer e levar na súa mochila. Fomentándose desta forma os hábitos hixiénicos.

CAPITULO V: NORMAS E OBRIGAS DOS USUARIOS DO COMEDOR.

Os nenos/nenas accederán o comedor trasladándose dende cadansúas aulas e non abandonarán en ningún caso o centro. Soamente no caso dos nenos de educación infantil serán as propias cuidadoras as que os recollerán nas aulas.

Aqueles usuarios que por causas especiais non se atopen no centro a hora de entrar no comedor, deberán facelo acompañados polo seu pai, nai, titor comunicando as cuidadoras a súa chegada.

Os nenos/as tratarán con respecto ós seus compañeiros/as e as cuidadoras e observarán un comportamento axeitado na mesa.

Os nenos/as non poderán traer nin sacar alimentos nin bebidas ó comedor.

Os nenos/as deberán comer, aínda que sexa unha cantidade pequena, de tódolos alimentos que se sirvan no comedor. Quedan excluídos de dita obrigaón os nenos con intolerancias alimentarias que aportarán certificado médico.

Os nenos/as faranse responsables dos seus obxectos persoais.

Deberán obedecer as cuidadoras; sendo as propias cuidadoras, baixo o seu criterio, as que repriman os nenos/as que deixen de cumprir as normas.

Os nenos/as que utilicen o comedor deberán ser autónomos e saber utilizar a culler e o garfo.

ART12º-ASISTENCIA E PUNTUALIDADE.

É de obrigado cumprimento a asistencia tódolos días que figuran na solicitude.

As/os nenas/os terán que ser recollidas/os puntualmente, xa que as cuidadoras rematan o seu horario de traballo. Isto é especialmente importante neste curso polas circunstancias derivadas da pandemia.

RECOLLIDA 15.30 H: Portal Ramón Nieto.

RECOLLIDA 15.45 A 15.55: Portal Ramón Nieto e Portal Camiño do Pombal.

As/os usuarias/os do comedor que vaian sós para casa teñen que traer unha autorización asinada polas/os suas nais/pais ou titores legais.

AVISO DE NON ASITENCIA E OUTROS AVISOS

TODAS/OS USUARIAS/OS DO COMEDOR TEÑEN A OBRIGA DE AVISAR DA SÚA NON ASISTENCIA AO COLEXIO (886 12 00 87//886 12 00 88) OU A ANPA (652 54 49 71), EN HORARIO DE 9:00 A 9:15 h.

É especialmente importante que as nenas/os bolseiras/os avisen da súa non asistencia pois o Concello esixe ás ANPAS un parte de faltas, as faltas de asistencias ó comedor de catro días continuados e sen xustificar, levará a anulación da axuda).

A ANPA, por orden de FOANPAS, sancionará con 2€ a ausencia reiterada de aviso a partir da segunda vez. E a partir da terceira vez cobrarase o prezo do menú (6 euros).

É obrigado avisar con antelación cando o neno/a ten que abandonar o recinto escolar antes do seu horario habitual.

A persoa encargada de recoller o neno/a do comedor deberá facelo coa máxima puntualidade.

As cuidadoras entregarán o neno/a á persoa que figure como responsable no cuestionario ou á persoa autorizada polo mesmo.

ART.13º-MOTIVOS DE SANCIÓN OU EXPULSIÓN.

Comportamento incorrecto:

No caso reiterado de que os nenos/as se comporten incorrectamente a Encargada de comedor informará a Responsable de comedor da ANPA para que esta tome a oportuna decisión.

Os casos de maior gravidade serán notificados á dirección do centro; podendo chegar a expulsión do comedor polo tempo que se estime oportuno.

As alteracións da convivencia no comedor diferencianse en leves, graves e moi graves.

Considéranse **leves**:

- Calquera acto que perturbe o normal desenvolvemento do comedor.
- Manifestar unha actitude pasiva ou negativa ante os avisos ou correccións.
- Calquera acto de incorrección e desconsideración cara os outros membros.
- Causar pequenos danos nas instalacións.

A amonestación será verbal ou escrita e poderá tomarse unha suspensión do dereito de asistencia ó comedor por un prazo máximo de tres días lectivos.

Considéranse **graves**:

- As faltas reiteradas de asistencia sen xustificar.
- Os actos de incorrección ou desconsideración cos compañeiros ou membros do comedor.
- Os danos graves causados por uso indebido ou intencionadamente nos locais do comedor.
- A reiteración no mesmo trimestre de dúas ou máis faltas leves.
- O incumprimento da sanción imposta dunha falta leve.

Expulsarase da sesión do comedor, con comparecencia inmediata ante o responsable do mesmo ou do Director, poderá tomarse unha suspensión de dereito de asistencia ó comedor por un prazo máximo de seis días lectivos.

Considéranse **moi graves**:

- Os actos graves de indisciplina, desconsideración, insultos, falta de respecto ou actitudes desafiante, cara os demais compañeiros ou membros do comedor.
- O acoso físico ou moral dos compañeiros.
- O uso da violencia, as agresións, as ofensas graves ou os actos que atenten gravemente contra os compañeiros ou membros do comedor.
- A discriminación, as vexacións ou as humillacións a calquera membro, xa sexan por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, orientación sexual, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- A grabación, publicidade ou difusión, a través de calquera medio de agresións ou humillacións.
- Os danos graves causados intencionadamente nas instalacións.

- Introducción no comedor de obxectos ou sustancias prexudiciais para a saúde.
- A reiteración no mesmo trimestre de dúas ou máis faltas graves.
- O incumprimento da sanción imposta dunha falta grave.

Poderá tomarse unha suspensión de dereito de asistencia ó comedor por un prazo entre seis e trinta días lectivos. Podendo ser unha expulsión definitiva.

Outros motivos de expulsión:

- Chegar tarde reiteradamente a recollelo neno/a.
- Faltar 4 veces ó comedor sen comunicalo ó responsable do mesmo.
- O impago dentro dos prazos establecidos.
- Ter alguna débeda coa ANPA por alguna actividade extraescolar que esta organice ou por algún recibo de aula matinal ou comedor.

CLAUSULA ADICIONAL.

Para o curso 2022/23 establecerase unha única quenda con un número determinado de 160 prazas de comedor, podendo ampliarse o número de prazas facendo un "turno corrido" cos usuarios dos cursos superiores.

Quedan consideradas prazas fixas do comedor todas as que queden cubertas en primeiro lugar polos bolseiros e despois polos casos de incompatibilidade de ambos cónxuxes ou titores. Así como as situación de emerxencia.

Considérase situación de urxencia durante o curso escolar o cambio na situación familiar, o falecemento dos mesmos, os traslados dende outros centros (sempre que cumpran os requisitos) e outras causas de forza maior.

A nova situación de incorporación ao traballo dos pais/nais/titor terá de prazo todo o mes de setembro para engadir o novo horario laboral.

Se se chegara a dar o caso de que todas as prazas se cubriaran con bolseiros ou incompatibles (de ambos os cónxuxes), os casos de emerxencia social terían que entrar igualmente sen eliminar unha das prazas xa cubertas.

Os bolseiros que non presentaran a documentación do comedor en tempo e forma no centro escolar, non serán considerados incorporación de urxencia e quedarán no posto que lles corresponda na lista de espera.

Este regulamento foi aprobado no Consello Escolar celebrado o día 29 de xuño de 2022.